



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA CONCELEIRA DE EDUCACIÓN E CULTURA CELSA OREIRO BERMÚDEZ

O Pleno da Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Determinar que o cargo de **Concelleiro/a de Educación e Cultura** se desempeñará en réxime de dedicación exclusiva, o que implicará o dereito do/a integrante da Corporación que o ocupe/exerza a percibir unha retribución bruta anual **de trinta e nove mil seiscientos seis euros (39.606,00 euros)**, que será aboada polo Concello en catorce pagas de importe equivalente (e cos mesmos criterios de devengo e periodicidade que os pagamentos nominais do persoal municipal); e iso sen prexuízo do previsto nos supostos en que dito cargo sexa exercido por un/unha empregado/a público que, como consecuencia deste réxime de dedicación exclusiva, sexa declarado/a en situación de servizos especiais (ou análoga), en cuxo caso se lle deberán aboar tamén os trienios que teña recoñecidos en cada momento, nos termos e contías legalmente previstos.

No caso de que o dito cargo sexa exercido por un/unha empregado/a público as anteditas percepcións retributivas serán actualizadas conforme aos mesmos criterios e contías vixentes en cada momento para o persoal ao servizo do Concello, sempre dentro dos límites establecidos na Lei de presupostos de cada ano para as dedicacións en concellos de 3.000 a 5.000 habitantes.

O desempeño do dito cargo en réxime de dedicación exclusiva esixirá a dedicación preferente ás tarefas propias do mesmo por parte do seu ocupante, sen prexuízo doutras ocupacións e/ou actividades marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento da súa dedicación exclusiva ao cargo desempeñado. E no caso de que ditas ocupacións/actividades marxinais sexan remuneradas, ou poidan implicar que se incorra nalgunhas das causas de incompatibilidade legalmente previstas, requirirase dunha previa solicitude e declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- Que o/a integrante da Corporación que ocupe/exerza o cargo de Concelleiro/a de Educación e Cultura en réxime de dedicación exclusiva, nos termos antes referidos, non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados corporativos dos que forme parte; pero si as indemnizacións polos gastos efectivos, e debidamente xustificadas, ocasionados no exercicio do cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que, no seu caso e en desenvolvemento das mesmas, aprobe o Pleno municipal. E as retribucións percibidas polo exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva resultarán incompatibles coa percepción doutras retribucións con cargo aos presupostos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como co desenvolvemento doutras actividades, nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e restante normativa de aplicación ao respecto.

TERCEIRO.- Que o/a integrante da Corporación que ocupe/exerza o cargo Concelleiro/a de Educación e Cultura en réxime de dedicación exclusiva, nos termos anteditos, sexa dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais correspondentes e aquelas outras obrigas inherentes; sen prexuízo das particularidades e obrigas no seu caso aplicables por tratarse de persoal funcionario ou laboral ao servizo dalgunha administración pública

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

(segundo o disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 74 da LRBRL, e demais normativa concordante) e/ou afectado por un réxime especial/diferente de seguridade social.

CUARTO.- Que o réxime de dedicación exclusiva e retribucións inherentes anteditos xurdirán efectos dende o día seguinte da súa aceptación por parte do/da integrante da Corporación que ocupe/exerza o cargo de Concelleiro/a de Educación e Cultura (aceptación que se entenderá manifestada se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación do presente acordo non ten comunicado oposición/negación expresa ao respecto); ou, de ser o caso, e unha vez xa manifestada a aceptación referida, dende o día seguinte ao da entrada en vigor da modificación orzamentaria que puidera proceder. E iso sen prexuízo do previsto para os supostos en que dito cargo sexa ocupado/exercido por un/unha empregado/a público, en cuxo caso os efectos retributivos e AQUELOUTROS INHERENTES produciranse unha vez sexa formalmente declarado/a, pola administración e órgano correspondentes, en situación de servizos especiais (ou análoga).

Da aceptación e aplicación efectiva do réxime de dedicación exclusiva e retribucións inherentes, nos termos anteditos, deberase dar conta na seguinte sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

QUINTO.- Que en todo o non expresamente previsto no presente Acordo estarase ao disposto, en relación coa determinación e condicións/efectos dos cargos corporativos exercidos con dedicación exclusiva, na normativa de réxime local referida e restante lexislación aplicable.

SEXTO.- Autorizar de dispoñer o gasto correspondente con cargo ao orzamento vixente, previa tramitación da/s modificación/s no seu caso procedente/s.

SÉTIMO.- Que se proceda á publicación do presente acordo no BOP, así como no tableiro de anuncios físico e electrónico do Concello; e se dea traslado do mesmo aos interesados, así como aos servizos municipais encargados da súa tramitación, facultando á Alcaldía para cantas actuacións de trámite, e propias da súas atribucións, sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Val do Dubra, a 21 de xullo de 2023.

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

Val do Dubra, naturalmente